

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

IES PAZO DA MERCÉ

AS NEVES

CURSO 2019/2020

ÍNDICE

CAPÍTULO I.

- **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E MEDIDAS**
- **RECURSOS**
- **HORARIO XERAL DO CENTRO**
- **SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**

CAPÍTULO II. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO

CAPÍTULO III

- **PLAN ANUAL DE LECTURA**
- **PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**
- **ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA**
- **PROGRAMA DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

CAPÍTULO I. PLAN ANUAL

O PLAN ANUAL foi informado no Claustro o día 22/10/2019 e no Consello Escolar o día 22/10 /2019.

Preséntanse, a xeito de ideas-forza, os grandes eixes ou obxectivos e cadansúa medida relacionada:

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E MEDIDAS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	MEDIDAS
O.1 Posibilitar ao alumnado a adquisición dos coñecementos e competencias necesarios para a súa formación educativa e laboral.	M.1 Dotar o alumnado dunha educación acaída desde a perspectiva cultural e formativa, que sexa a base precisa para proseguir estudos, poder inserirse laboralmente e exercer os seus dereitos e deberes na súa dimensión social. Avanzar na divulgación da nosa oferta educativa.
O.2 Defender e promover a nosa lingua e cultura.	M.2 Potenciar o uso da nosa lingua e a súa estima. Velar polo seu emprego como lingua de comunicación institucional do centro, tanto interna como externamente. Apoiar o EDLG nas súas propostas de dinamización e impulsar a participación da Comunidade Educativa. Potenciar o coñecemento e posta en valor do noso patrimonio cultural, material e inmaterial, e, de forma especial, o da área e contexto do centro. Colaborar con outras entidades e institucións para darlle pulo ao noso idioma.
O.3 Fomentar a posta en valor do ensino público en canto garantía dunha igualdade efectiva de oportunidades, con atención á diversidade do alumnado dentro dun modelo de escola inclusiva.	M.3 Concienciar dos valores do ensino público e da súa función social, democrática e científica. Atender á diversidade do alumnado e aplicar, na medida das posibilidades reais, as medidas axeitadas en función das necesidades educativas: reforzos, seguimento do alumnado repetidor, pendentes, adaptacións curriculares, Programas de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento, opcionalidade... Colaboración entre titorías, xefatura de estudos e departamento de orientación na organización

	destas medidas.
O.4 Mellorar a convivencia entre os membros da comunidade educativa.	M.4 Desenvolver liñas de actuación para o coñecemento e a aplicación do Plan de convivencia, adaptándoo á realidade actual e normativa. Impulsar a prevención e a mediación como proceso de resolución pacífica e dialogada de conflitos.
O.5 Funcionar en igualdade entre xéneros e na non discriminación de persoas.	M.5 Combater estrutural e integralmente os discursos e prácticas da desigualdade entre sexos. Atender nas programacións a igualdade e darlle relevo na práctica docente á contribución da muller ao longo da historia nos distintos ámbitos do saber. Rexeitar pedagoxicamente ideas, hábitos, pautas, prácticas que reproduzan situacións ou esquemas que naturalicen estereotipos de xénero e prexuízos sexistas. Educar no respecto polas distintas opcións afectivas. Participar nas campañas a prol da igualdade de xénero (tamén nas liñas das Escolas da Rede UNESCO).
O.6 Mellorar o coidado das instalacións, recursos e equipamentos do centro, así como avanzar na concienciación do seu valor.	M.6 Traballar no mantemento e mellora das instalacións interiores e exteriores, impulsando asemade dinámicas de coidado polos espazos verdes, na perspectiva do aprezo á propiedade e servizo públicos. Levar a cabo actuacións sobre os espazos afectados polos lumes de comezo de curso (monte, resto de zonas verdes, etc.)
O.7 Deseñar a defensa do medio natural e activar liñas de concienciación.	M.7 Continuar promovendo iniciativas de aforro enerxético. Fomentar liñas de traballo que atendan á concienciación e práctica ambiental (elaboración de materiais, recollida selectiva, reciclaxe, compostaxe, limpeza dos espazos). Coñecer o patrimonio natural do contorno. Rexenerar o monte e traballar didácticamente: participar no proxecto “O monte nace na escola” , aportar iniciativas.
O.8 Intensificar o recoñecemento e respecto da diversidade lingüística e cultural.	M.8 Impulsar a interculturalidade como elemento enriquecedor e positivo da sociedade. Concienciar sobre a importancia do coñecemento de linguas (inglés, francés, portugués) e, de xeito particular, aprezoar e



	favorecer as relacións con Portugal (históricas, sociais, económicas).
O.9 Favorecer a coordinación das actividades extraescolares e complementarias como potencial educativo de relevo.	M.9 Racionalizar e coordinar desde unha perspectiva didáctico-pedagóxica estas actividades, evitando ao alumnado discriminacións por motivos económicos. Favorecer a colaboración entre departamentos, centros, administracións.
O.10 Promover as relacións con outros centros e entidades do contorno.	M.10 Favorecer iniciativas que dean impulso á relación con outros centros educativos, asociacións, entidades con finalidade educativa. Potenciar encontros e colaborar en actividades. Apoiar e participar en proxectos de interese para a comunidade educativa
O.11 Contribuír á autonomía e responsabilidade do alumnado.	M.11 Responsabilizar o alumnado na elaboración responsable dos calendarios de exames. Desenvolver prácticas que fomenten a asunción cabal de tarefas, como ser partícipe no coidado dos distintos recursos e espazos do centro, ou xestionar con madurez accións e situacións. Fomentar e valorar estas actitudes.
O.12 Impulsar a participación das familias na vida escolar.	M.12 Potenciar a comunicación cos pais, nais ou titoría do alumnado: xuntanzas, información, colaboración. Avanzar no uso das novas tecnoloxías en relación coas familias (AbalarMóbil, Mensario...). Impulsar a ANPA, para desenvolver o seu cometido e apoiar nas actividades. Cooperar, cando sexa preciso, cos Servizos Sociais dos concellos.
O.13 Activar a participación do alumnado na vida do centro.	M.13 Potenciar o papel das delegadas e delegados como representantes do alumnado e implícalo na organización de actividades. Intensificar a súa participación nos distintos ámbitos e estruturas: EDLG, Consello Escolar, Comisión de Convivencia... en sintonía tamén coa súa responsabilidade.
O.14 Dinamizar a biblioteca e os proxectos relacionados con ela.	M.14 Desenvolver actividades de uso da biblioteca (consulta, lectura, documentación, exposición,

	<p>encontros, debates...).</p> <p>Divulgar a súa importancia e fondos para a vida escolar. Mellorar a páxina web, catalogación, recursos.</p> <p>Ampliar, de ser posible, a apertura en horas non lectivas.</p> <p>Aplicar o plan de mellora. Desenvolver liñas de fomento de lectura. Club de lectura.</p> <p>Elaborar a actualización do Plan de Lectura e o Proxecto Lector.</p> <p>Colaborar, no posible, coa biblioteca municipal.</p> <p>Continuar con actividades e procesos de potenciación da biblioteca.</p>
<p>O.15</p> <p>Fomentar as TICS entre a comunidade educativa e mellorar o mantemento informático do centro.</p>	<p>M.15</p> <p>Mellorar a situación a nivel informático. Optimizar a páxina web do centro con información actualizada de interese para a comunidade educativa. Mellorar os equipos informáticos e a rede. Avanzar no uso de medios audiovisuais. Participar en actividades de formación.</p>
<p>O.16</p> <p>Mellorar a relación entre departamentos didácticos e o traballo interdisciplinar.</p>	<p>M.16</p> <p>Fomentar a participación entre departamentos co fin de coordinar e unificar (a través da CCP) metodoloxías, contidos, nomenclaturas comúns, etc. apoiando a interdisciplinariedade e a transversalidade.</p> <p>Facer análise de grupos a través de reunións do equipo docente e xefatura de estudos e propoñer estratexias acaídas para a resolución de problemas. Valorar resultados académicos e trasladar conclusións á Dirección, á CCP e ao Claustro.</p>
<p>O. 17</p> <p>Educar en hábitos saudables, seguranza viaria, educación afectivo-sexual.</p>	<p>M.17</p> <p>Concienciar a través de charlas, obradoiros ou outras iniciativas sobre estes aspectos.</p>
<p>O.18</p> <p>Seguir actualizando a documentación do centro.</p>	<p>M.18</p> <p>Avanzar na adaptación dos documentos do centro á lexislación vixente e elaborar as revisións necesarias de cara á actualización dos mesmos.</p>
<p>O.19</p> <p>Favorecer dinámicas de participación de toda a comunidade educativa</p>	<p>M.19</p> <p>Organizar actos, exposicións, xornadas... que fomenten a participación e implicación de toda a comunidade escolar.</p>

RECURSOS

O centro conta cos seguintes recursos que permiten achegarnos a consecución dos obxectivos propostos:

1) Humanos

- Persoal docente: 39 profesores/as a tempo completo e un profesor de Relixión compartido co IES Pedra da Auga de Pontearreas.
- Persoal non docente: unha auxiliar administrativa, dúas subalternas e dúas persoas de limpeza.

2) Materiais

Instalacións das que dispón o centro:

- o edificio antigo, que dá nome ao centro, o Pazo da Mercé
- un edificio novo
- un pavillón deportivo e un edificio que alberga os vestiarios e a casa do conserxe (actualmente en desuso por non reunir condicións de habitabilidade).

Nos edificios, ademais das aulas de grupo, inclúense:

- tres laboratorios (física, química e bioloxía e xeoloxía)
- dúas aulas de informática (unha delas destinada exclusivamente a FB1)
- unha aula de música
- unha aula de educación plástica
- unha aula de tecnoloxía
- sala de usos múltiples
- biblioteca
- departamentos
- sala de profesorado
- cafetería
- aulas do Ciclo Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes.

Parte do alumnado emprega os luns o comedor do CEIP Marquesa Pazo da Mercé. O traslado realízase en transporte escolar e van acompañados de catro profesores/as de garda.

3) Económicos

Orzamento do centro. Contamos coa colaboración do concello das Neves puntualmente en tarefas de mantemento e na realización de actividades, así como na cesión do Auditorio Municipal.

Os Servizos Sociais dos Concellos de Arbo e As Neves colaboran habitualmente no seguimento do alumnado incluído nos seus programas coa dirección do instituto e co departamento de Orientación.

Para as actividades ligadas á biblioteca cóntase cunha profesora responsable que é a coordinadora da mesma con horas fixas de dedicación semanal, e con profesorado de garda nos recreos. Hai que destacar a colaboración e dispoñibilidade do profesorado en xeral no funcionamento da biblioteca. Participamos no PLAMBE.

Para a atención a diversidade, apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe, apoio á acción tutorial e a orientación académica e profesional, cóntase cun departamento de Orientación, cunha orientadora con xornada completa, e unha profesora de pedagogía terapéutica. Súmanse as titorías dos ámbitos lingüístico-social e científico-matemático e o profesor de FOL. Neste curso contamos con reforzos educativos para o alumnado exento de 2ª lingua estranxeira en 1º ESO, así como en 2ºESO, 2ºPMAR e 3ª PMAR.

No Equipo de Dinamización da Lingua Galega continua como coordinador o mesmo profesor dende o curso 2016-2017.

Este curso 2019-2020 continuamos coa internacionalización do Ciclo Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes (en relación co módulo de Formación en Centros de Trabajo dentro do programa de mobilidade ERASMUS+).

HORARIO XERAL DO CENTRO.

Horario xeral do centro

No que se refire ás datas de comezo e final de curso, así como vacacións e días non lectivos, cúmprese seguindo as directrices de calendario escolar da Consellería de Educación para o curso 2019/2020.

O horario de apertura é o seguinte:

- Mañás: de 8:45 h a 14:45 h.
- Tardes: luns e mércores de 16:15 h a 19:00 h.

O horario lectivo é:

ESO e FPB:

- Luns a xoves de 9:00 h a 14.30 h, seis períodos lectivos e un período de lecer de 30 minutos cada día.
- Venres de 9:00 h a 14:40 h, seis períodos lectivos e un período de lecer de 40 minutos.
- Luns de 16:20 h a 18:00 h, dous períodos lectivos.

BACHARELATO:

- Luns a xoves de 9:00 h a 14.30 h, seis períodos lectivos e un período de lecer de 30 minutos cada día.
- Venres de 9:00 h a 14.40 h, seis períodos lectivos e un período de lecer de 40 minutos.
- Luns de 16:20 h a 18:00 h, dous períodos lectivos.

CICLO FORMATIVO:

- Luns a xoves de 9:00 h a 14.30 h, seis períodos lectivos e un período de lecer de 30 minutos cada día.
- Venres de 9:00 h a 14.40 h, seis períodos lectivos e un período de lecer de 40 minutos.
- Luns e mércores de 16:20 h a 18:50 h, tres períodos lectivos.

Horario de verán



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Ramal 3, Tortoreos
36449 - AS NEVES
Tif: 886 110 110
ies.pazo.merce@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iespazomerce>



Organización
das Nacións Unidas
para a Educación,
a Ciencia e a Cultura



Membro de
Escolas
Asociadas
á UNESCO



O centro permanecerá aberto:

- Mes de xullo de 9:30 a 13:30
- Mes de agosto de 10:00 a 12:00

Horas e condicións de dispoñibilidade de uso das instalacións polo alumnado

De haber algunha solicitude para uso das instalación do centro, esta levaríase ao Consello Escolar para a súa aprobación.

Días non lectivos do centro

As datas propostas como días non lectivos do centro, seguindo a Orde de 2018 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/20, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, e aprobadas polo Consello Escolar son:

- 04/11/2019
- 20/03/2020

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

TRANSPORTE ESCOLAR

Nestes momentos as rotas de transporte escolar que temos son 6, as cales se detallan a continuación con cadansúas paradas e número de alumnos/as que solicitaron esa rota.

Rota 1: BATALLÁNS 99PO0272-21PO0770 Nº ALUMNOS: 42

Paradas: Rubiós Couto

Rubiós Igrexa
Rubiós Casteliño
Rubiós Escabadas
Rubiós Lomba
Taboexa Cruce
Taboexa Miraxendo
Taboexa Rata
Taboexa Regueiro
Taboexa Carrasqueira
S. Pedro Igrexa
S. Pedro Arriba
S. Pedro Cividáns
S. Pedro Abaixo
Batalláns
Porteiro
Lentille

Rota 2: VIDE 99PO0273

Nº ALUMNOS: 41

Paradas: Lamelas

Ponte Vide
Cruce Vide
Piñeiro
San Cibrán



Ruta 3: TORTOREOS 99PO0274

Nº ALUMNOS: 26

Paradas: Chan

Liñares

Redondelo

Paredes

Estación

Porqueira

Rozas

Sela

Ruta 4: CERDEIRA 99PO0275

Nº ALUMNOS: 23

Paradas: Eira da Liñaza

Xastre Pedrouzón

Grupo escolar

Tendeiro

Tuia

Santa Marta

Outeiro

Runial

Estrema

Marquiño

Cerdeira

**Rota 5: TAXI A PARADA DE
CABEIRAS DA ROTA DE ARBO
99PO0016**

Nº ALUMNOS: 2

Ruta 6: ARBO 99PO0725

Nº ALUMNOS:35

Paradas: Barcela



Cabeiras
A Rocha
Tenda da Rocha
Arbo
Cuartel Garda Civil

Modalidade C: LIÑA REGULAR AS Nº ALUMNOS:
NEVES-PONTEAREAS 12

Está tramitándose a solicitude de autorización para que o alumnado de ensino post-obrigatorio (Ciclo, FB e Bacharelato) e de fóra da área de influencia utilice o transporte escolar naquelas rutas nas que haxa prazas libres, non supoñendo un incremento de custo nin paradas.

COMEDOR ESCOLAR

Os luns hai servizo de comedor para o alumnado da ESO. Como nos cursos anteriores, este servizo préstase no CEIP “Marquesa do Pazo da Mercé” das Neves. Cómpre servizo de transporte para trasladar o alumnado do centro ao comedor e para o seu regreso tras o xantar. En concreto, utilízanse 3 autobuses. Temos adxudicadas 153 prazas de comedor e solicitaron praza 125 alumnos de ESO, que son acompañados por 4 profesores, facendo un total de 129 usuarios de comedor.

CAPÍTULO II. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO

Anexo

CAPÍTULO III.

PLAN ANUAL DE LECTURA

Anexo

PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

PROPOSTAS DE ACTIVIDADES PARA O CURSO 2019-20

ACTIVIDADE	DEP.	ALUMNADO	DATAS
Saída ao cinema	CLUB DE LECTURA	Alumnado club de lectura	DECEMBRO
Roteiros literarios	CLUB DE LECTURA	Alumnado club de lectura	MAIO / XUÑO
Saída final de curso	CLUB DE LECTURA	Alumnado club de lectura	Sen determinar
Fuenteovejuna	LCeL	1 BACH	15 NOVIEMBRE
Don Juan Tenorio	LCeL	3º / 4º ESO	13 FEBREIRO
Las aventuras de Ulises	LCeL	1 / 2 ESO	5 de MARZO
Roteiros literarios	LGeL	1º, 3º, 4º, 1º BACH	Sen determinar
Saídas ao cine ou teatro	LGeL	Sen determinar	Sen determinar
Semana das Letras: charlas, exposicións...	LGeL	Todo o alumnado	MAIO
Visita á CRTVG / Parlamento galego / Cidade da Cultura	DIRECCIÓN	Sen determinar	2º / 3º TRIMESTRE
O monte nace na escola: actividades, palestras ambientais, deseucalptizacións, etc.	DIRECCIÓN	Todo o alumnado	Ao longo do curso
Charlas, exposicións, etc. en colaboración con outras institucións (p. ex. Xornadas de Historia das Neves en colaboración co Concello)	DIRECCIÓN	4º ESO, 1º BACH, 2º BACH	2º TRIMESTRE
Campionato de escalada deportiva (no centro)	EDUCACIÓN FÍSICA	1º, 2º, 3º, 4º ESO + 1º BACH	XANEIRO a MARZO
V Torneo Aarón Pereira de Fútbol Sala (No	EDUCACIÓN	1º, 2º, 3º, 4º ESO + 1º BACH	20 XANEIRO-3 ABRIL



centro)	FÍSICA	BACH + FPB 1	
Semana Branca a Andorra	EDUCACIÓN FÍSICA	3º, 4º ESO + 1º BACH	1º TRIMESTRE
Excursión Rafting	EDUCACIÓN FÍSICA	1º BACH	SEMANA DO 18 DE MAIO
Actividade de Kayak (Río Miño)	EDUCACIÓN FÍSICA	1º, 2º, 3º ESO	SEMANA DO 8 DE XUÑO
Actividade de Surf (Praia de Patos)	EDUCACIÓN FÍSICA	4º ESO + 1º BACH	SEMANA DO 8 DE XUÑO
Intercentros	EDUCACIÓN FÍSICA	1º, 2º, 3º, 4º ESO + 1º BACH	Pinais XUÑO
Presentación do documental "O Salto" a cargo do ex alumno Adrián González	EDLG	4º ESO, 1º e 2º BACH	1ª de OUTUBRO
Magosto: creación de cartaces e exposicións de pantallas tradicionais.	EDLG	Todo o centro	Semana do 11 de NOVEMBRO
Entroido: colaboración coas actividades realizadas no centro.	EDLG	Todo o centro	21 de FEBREIRO
Excursión ao Courel	EDLG	2º ESO	1, 2, 3 ABRIL
Semana das Letras: charlas, contacontos, correlingua e outras actividades.	EDLG	Todo o centro	11 ao 15 de MAIO
Convivio de Melgaço	EDLG / DIRECCIÓN	ESO	Finais de MAIO
Viaxe a París	FRANCÉS	A partir de 3º ESO	2º TRIMESTRE
Teatro	FRANCÉS	Alumnado de francés	Ao longo do curso
Exposicións, Saídas cinema	FRANCÉS	Alumnado de francés	Ao longo do curso
Roteiro Julio Verne (Vigo)	FRANCÉS	Alumnado de francés	Ao longo do curso
Roteiro Julio verne (San Simón)	FRANCÉS	Alumnado de francés	Ao longo do curso
Celebración "Semana da francofonía"	FRANCÉS	Alumnado de francés	MARZO / ABRIL
Celebración " La Chandeler"	FRANCÉS	Alumnado de francés	FEBREIRO / MARZO
VIII Encontro de escolas Unesco - Pontevedra	UNESCO	3º ESO	14-15 de NOVEMBRO
Encontro Jovens Cientistas (Santarem)	UNESCO	2 estudantes de 1º BACH	Do 8 ao 11 de XANEIRO
Teatro en Cangas para escolas Unesco	UNESCO	Sen determinar	MARZO
Día do Medio Ambiente	UNESCO	Sen determinar	5 de XUÑO
Saídas relacionadas coas escolas UNESCO	UNESCO	Todo o alumnado	Ao longo do curso
Saída á charla de María Canosa sobre "Os nenos da varíola" en colaboración co departamento de LGeL	UNESCO	3º ESO	16 de DECEMBRO
Charlas, obradoiros relacionados co Medio Ambiente	UNESCO	Todo o alumnado	Ao longo do curso
Concentración no patio polo Día dos DD HH	UNESCO	Todo o alumnado	10 de DECEMBRO
Día da Paz: traballos arredor da figura de Isabel Zendal	UNESCO	Todo o alumnado	XANEIRO



Día Internacional contra a violencia de xénero: Saída á praza do Concello con pancartas	UNESCO	Todo o alumnado	25 de NOVEMBRO
Día do Traballo: exposicións e charlas.	UNESCO	Todo o alumnado	8 de marzo
Visita a lugares de interese arqueolóxico e urbano	LATÍN E GREGO	Alumnado de latín e grego e outros departamentos interesados	Todo o curso
Eventos (exposicións, charlas...) relacionados co mundo clásico	LATÍN E GREGO	Alumnado de latín e grego e outros departamentos interesados	Sen determinar
Saída a distintos lugares de interese xeográfico, histórico ou artístico do Condado – Paradanta, Vigo e Galicia.	XEOGRAFÍA E HISTORIA	1ª, 2ª, 3ª, e 4ª ESO 1º e 2º BACH	Datas sen determinar
Visita guiada – Proxecto Terra	XEOGRAFÍA E HISTORIA	3ª ESO	ABRIL / MAIO
Saída a Compostela	XEOGRAFÍA E HISTORIA	Alumnado de arte 2º BACH	Finais do 2º TRIMESTRE
Viaxe a Madrid, Ávila e Salamanca	XEOGRAFÍA E HISTORIA	Alumnado de Bacharelato	Do 14 ao 19 DECEMBRO
Colaboración con outros departamentos	XEOGRAFÍA E HISTORIA	Todos	
Charlas do Plan director “Drogas-Alcohol”	ORIENTACIÓN	1º ESO	XANEIRO
Charlas do Plan director “Novas tecnoloxías”	ORIENTACIÓN	2º ESO	XANEIRO
Charlas do centro Quérote “Educación sexual”	ORIENTACIÓN	3º ESO	2º TRIMESTRE
Saídas e visitas sobre orientación académica profesional	ORIENTACIÓN	ESO, BACH, FP	2º TRIMESTRE
Charlas / Conferencias de entidades educativas sobre diversas temáticas	ORIENTACIÓN	ESO, BACH, FP	2º e 3º TRIMESTRE
Porto de Vigo- Buque pesqueiro	BIOLOXÍA e XEOLOXÍA	1º ESO	13 NOVEMBRO
Proxecto Ríos	BIOLOXÍA e XEOLOXÍA		Todo o curso
Charlas, coloquios, exposicións e divulgación científica no centro	BIOLOXÍA e XEOLOXÍA	Todo o centro	Sen confirmar
Obradoiros musicais I: no taller de gaitas de X.M. Gil en Pontearreas.	MÚSICA	Alumnado de música	2º TRIMESTRE
Obradoiros musicais II: De percusión a cargo de Xurxo Troncoso no Auditorio das Neves	MÚSICA	Alumnado de música	1 de NOVEMBRO
Música de Leticia a cargo dos músicos, pandareteiras e cantareiras do IES	MÚSICA	Todo o alumnado	Vacacións de Nadal
Visita á escola da Banda de Música de Rubiós	MÚSICA	Alumnado de música	2º trimestre
Actuación do Coro Xuvenil CANTEMUS	MÚSICA	Todo o alumnado	Semana das Letras (MAIO)
Estrea da Marcha Cantada do Pazo (Coa Banda de Música Xuvenil de Rubiós)	MÚSICA	Todo o alumnado	Semana das Letras (MAIO)
Concerto de GHZ en colaboración co EDL	MÚSICA	Todo o alumnado	Fin de curso

Calquera tipo de actividade relacionada coa materia de Física e Química; charlas, exposicións, visitas a industrias e ou museos, etc.	FÍSICA E QUÍMICA	2º, 3º, 4º ESO 1º BACH 2º BACH (só no 1º e 2º trimestre)	1ª, 2ª e 3ª avaliación
Visita a R e ao MUNCYT	INFORMÁTICA	1º de ciclo e 1º de FPB	Sen determinar
Feira de ensinanzas artísticas e profesionais de Pontareas	INFORMÁTICA	Sen determinar	Sen determinar
Asistencia a diversas xornadas, conferencias...	INFORMÁTICA	Sen determinar	Sen determinar

PROPOSTAS POR TRIMESTRES		
1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
14	23	15

*Non están computadas as propostas que non teñen determinada a data.

PROPOSTAS POR CURSOS									
1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º BAC	2º BAC	1FPB	2FPB	1 CM	2CM
10	11	15	12	13	6	3	1	3	2

ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA

A persoa encargada da Coordinación da Biblioteca é a profesora de Lingua castelá e literatura, Montserrat Santos Barroso, a cal conta con tres horas fixas de dedicación semanal á Biblioteca.

O equipo de Biblioteca está formado por profesorado de distintos departamentos (Lingua galega, Lingua castelá, Latín, Bioloxía e Xeoloxía, Francés, Informática e Inglés), con horas dedicadas exclusivamente á organización da Biblioteca (catalogación, organización de actividades, préstamo e devolución de libros/películas nos recreos...). Así mesmo, colaboran coa Biblioteca outro profesorado de diferentes departamentos que organizan actividades e/ou actos na Biblioteca.

O IES Pazo da Mercé segue a participar no programa PLAMBE, o cal nos foi concedido para o curso 2019/2020.

PROGRAMA DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

OBXECTIVOS PARA O CURSO 2019-2020

- 1.- *Asumir, analizar e tentar de buscar solucións ao problema que supón a chegada ao centro, dun número considerable e en aumento, de alumnado de 1º do ESO que non posúe as competencias mínimas na linguaxe oral e non mantén unha actitude positiva cara á nosa lingua.*
- 2.- *Buscar e propor, liñas de actuación conxuntas coa dirección do centro e a comunidade educativa, mantendo algunha xuntanza para perfilar actividades e analizar as novas propostas que vaian xurdindo.*
- 3.- *Realizar unha análise actualizada da realidade lingüística do alumnado e do profesorado do centro e propiciar actividades colaborativas que leven ao uso e fomento do galego para convertelo na lingua maioritaria da comunidade educativa.*
- 4.- *Buscar referentes para o equipo: logotipo identificador, lemas, datas relevantes...*
- 5.- *Fomentar a participación e colaboración do alumnado, incluíndo ao non galego falante. Organización de algunha actividade conxuntamente con outro Centro.*
- 6.- *Implicar os diferentes departamentos nas actividades do equipo. Participar das súas actividades.*
- 7.- *Difundir o uso do galego a toda a comunidade escolar. Asesoramento lingüístico á Asociación de Nais e Pais do alumnado, se o demandase. Enlaces de interese na web.*
- 8.- *Difundir o uso do galego nas empresas da zona. Asesoramento lingüístico se fose demandado.*
- 9.- *Participación en campañas reivindicativas esixindo o respecto e recoñecemento debido ao galego.*

CADRO RESUMO DO PLANO DE ACTIVIDADES

1.- ACTIVIDADES DE CARÁCTER ANUAL E PLURIANUAL		
ACTIVIDADE	RESPONSABEIS	DESTINATARIAS/OS
Programa de acollida.	Orientadora, titores, Xefa Estudos e EDLG	Alumnado procedente doutras comunidades.
Coordinación con equipos de dinamización da zona.	Profesorado do EDLG	EDLG da zona.
Identificación, localización e catalogación das árbores do Centro, prestando atención ás autóctonas, foráneas, invasoras, ...	Profesorado do EDLG e CC.NN. e Bioloxía	Alumnado e profesorado implicado
Colaboración coa Vicedirección en actividades diversas.	Profesorado do EDLG	Alumnado e profesorado implicado en cada actividade.
Elaboración dun vídeo de presentación lingua portuguesa como opción	Profesorado do EDLG, de LP e alumnado de LP	LP Alumnado de novo acceso
Estudo e normalización de topónimos zona escolar	Profesorado do EDNL, de CC e de LG	Alumnado dos cursos superiores
Elaboración dun glosario básico de termos matemáticos	Profesorado de Matemáticas e do EDLG	Alumnado e profesorado do centro.
Elaboración dun glosario básico de termos CC.NN.	Profesorado de CCNN e EDLG	Alumnado e profesorado do centro.
Elaboración dun glosario básico de termos Informática	Profesorado de Ciclos e EDLG	Alumnado e profesorado do centro.
Elaboración dun glosario básico de termos Física e Química	Profesorado de Física e Química e do EDLG	Alumnado e profesorado do centro.
Exposición de glosarios básicos de termos científicos	Profesorado do EDLG e alumnado de 1º Ciclo	Alumnado e profesorado do centro.
Adquisición de materiais didácticos diversos destinados a difundir a lingua.	Profesorado do EDLG	Alumnado e profesorado do centro.
Colaboración coa Biblioteca. Propostas para a hora de lectura.	Profesorado do EDLG	Equipo da biblioteca e alumnado do centro.
Mantemento do taboleiro do EDLG	Profesorado do EDLG	Comunidade escolar.
En colaboración co profesorado encargado da páxina web, manter actualizada información referente ao EDLG do centro.	Profesorado do EDLG	Comunidade escolar.
Difusión das disposicións legais vixentes máis importantes.	Profesorado do EDLG	Comunidade escolar.
Obradoiro de regueifas	Profesorado do EDLG e profesorado de galego.	Dous niveis por determinar.
Participación en campañas que reivindiquen o recoñecemento debido ao galego.	Profesorado do EDLG	Comunidade de EDLG.
Promoción e animación de diversos xogos	Profesorado do EDLG	Comunidade escolar.

populares e tradicionais.		
Manter, e ampliar o grupo implicado nas tarefas de normalización.	Profesorado do EDLG	Comunidade escolar.
Animar ao alumnado a que faga aportes ao PSC e difusión dos dereitos do alumnado materia lingüística.	Profesorado do EDLG	Comunidade do EDLG.
Colaboración co profesorado animado a usar o galego como lingua vehicular, informándoo das posibilidades de formación e perfeccionamento.	Profesorado do EDLG	Profesorado non galegofalante de distintos departamentos.
Colaboración coas profesoras de Portugués na promoción e difusión da Lingua Portuguesa como opción.	Profesorado do EDLG	Profesorado de portugués e galego.
Colaboración coas profesoras de Portugués nas actividades do 25 de abril.	Profesorado do EDLG e profesoras de portugués.	Alumnado de portugués e do EDLG.
Colaboración co profesorado de linguas estranxeiras na adaptación e tradución de textos.	Profesorado do EDLG	Profesorado e alumnado de linguas estranxeiras.
Ampliación da fonoteca e videoteca galega	Profesorado do EDLG.	Alumnado e profesorado do centro.
Elaboración de marcadores de páxinas, papeis ou adhesivos conmemorativos.	Profesorado do EDLG e vicedirectora.	Comunidade educativa.
Estudo e seguimento de hábitos lingüísticos do alumnado do ESO. Actividade plurianual.	Profesorado do EDLG e profesorado colaborador.	Alumnado do centro.
Participación en concursos literarios.	Profesorado do EDLG e profesorado colaborador.	Alumnado do centro.
Participación en actividades do centro, coa camisola e logotipo do equipo.	Profesorado do EDLG	Alumnado do EDLG.

2.- OUTRAS ACTIVIDADES DESTACADAS NOS DIFERENTES TRIMESTRES. TEMPORALIZACIÓN			
TEMPORALIZACIÓN	ACTIVIDADE	RESPONSABEIS	DESTINATARIOS
1º TRIMESTRE	Participación no magosto e no Sármaín	Vicedirectora e profesorado do EDLG	Comunidade escolar
	Proxección do documental "O Salto" do ex alumno Adrián Glz.	EDLG	4ºs ESO 1º E 2º BACH E CICLOS
	Difusión de curtametraxes e vídeos musicais en galego.	Profesorado do EDLG, de galego e tutores.	Alumnado do centro.
	Publicación dun novo número da revista " O Serodio"	Comunidade escolar e colaboradores varios, Dirección e EDLG	Comunidade educativa
	POSADOIRO do Correlingua	EDLG	Todo o alumnado do centro



2.- OUTRAS ACTIVIDADES DESTACADAS NOS DIFERENTES TRIMESTRES. TEMPORALIZACIÓN			
	Visionado do filme “ O que Arde” en Vigo	EDLG Vicedirección	3ºs e 4ºs da ESO
2º TRIMESTRE	Narración de contos ou palabras galegas en desuso, se pode ser, coas maiores das Neves	Profesorado de EDLG	Alumnado de 1º e 2º ESO
	Obradoiro de regueifas. Se hai cartos	Profesorado de EDLG e do galego.	Alumnado do centro. Nivel por determinar.
	Participación en actividades propias do Entroido.	Vicedirectora, titores e profesorado de EDLG	Alumnado do centro.
	Celebración do día de Rosalía.	Vicedirectora, titores e profesorado de EDLG .	Alumnado de 2º ESO
	Publicación dun novo número da revista “ O Serodio”	Comunidade escolar e colaboradores varios Dirección e EDLG	Comunidade educativa
3º TRIMESTRE	Actividades do día do libro. Campaña “Ler en galego”	Profesorado do EDLG, e Biblioteca.	Comunidade educativa.
	Viaxe ao Courel	Profesorado de CC.SS, CC.NN. LG e do EDLG	Alumnado de 2º da ESO e do EDLG
	Convivio em Melgaço	Profesorado de CC.SS, CC.NN. LG e do EDLG	Alumnado da ESO do EDLG e restante.
	Participación nas actividades da “Semana das Letras Galegas”.	Profesorado do EDLG e vicedirectora.	Alumnado do centro.
	Participación no “Correlíngua” en Vigo	Profesorado de galego, do EDLG	Alumnado de 1º e (quizais) 2º de ESO.
	Participación coas actividades organizadas polo profesorado de portugués para o 25 de abril.	Profesorado do EDLG, vicedirección, dep. De música e profesoras de portugués.	Alumnado de portugués e do EDLG.
	Publicación dun novo número da revista “ O Serodio”	Comunidade escolar e colaboradores varios Dirección e EDLG	Comunidade educativa

O coordinador do proxecto comprométese a desenvolver as actividades programadas no caso de obter financiamento suficiente e colaboración e ou interés suficiente.

Solicitarase a subvención da Consellería como todos os anos. Neste curso dispoñemos de 330 euros que non dá para moito, francamente.

A comezos de curso farase unha convocatoria aberta a toda a comunidade escolar para constituír e recoller en acta os membros do EDLG.

O coordinador solicita do profesorado a vosa colaboración en novas ideas, suxestións e iniciativas diversas. Máis concretamente, neste curso volvemos precisar de alguén que queira actualizar e levar o blog do EDLG da páxina web do centro. Se hai algún/nha voluntario/a, benvido/a sería. Grazas



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Ramal 3, Tortoreos
36449 - AS NEVES
Tif. 886 110 110
ies.pazo.merce@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iespazomerce>



Organización
das Nacións Unidas
para a Educación,
a Ciencia e a Cultura



Membro de
Escolas
Asociadas
á UNESCO



UNIÓN EUROPEA

As Neves, 25 de outubro de 2019

Coordinador do Equipo
de Dinamización da Lingua Galega

Asdo. Antonio Ricón Rodríguez

Visto e prace do Director

Xosé Abilleira Sanmartín